

QUE É O DÍA DA PAZ

O "Día Escolar da Non-violencia e a Paz" (DENIP), fundado en 1964 e coñecido tamén por Día Mundial ou Internacional da Non-violencia e a Paz, celébrase o 30 de xaneiro e é unha iniciativa pioneira, non estatal, non governamental, non oficial, independente, libre e voluntaria de Educación Noviolenta e Pacificadora, practicada xa en escolas de todo o mundo e á que están invitados a participar os centros educativos de todos os países. Celébrase con motivo do aniversario da morte de Mahatma Gandhi, o home da “alma grande”, que coa súa loita pacífica e as súas accións de non-violencia, conseguiu que a independencia da India, o seu país natal, se fixese realidade.

“Amor universal, Non-violencia e Paz. O amor universal é mellor que o egoísmo, a Non-violencia é mellor que a violencia e a Paz é mellor que a guerra”. Este é a mensaxe básica que propón o “Día Escolar da Non-Violencia e a Paz” (DENIP).

Este Día defende e promove o amor universal, a non-violencia, a tolerancia, o respecto polos Dereitos Humanos, a solidariedade e a Paz.

PERO, QUE É A PAZ?

Cando pensamos na Paz, o primeiro que se nos ocorre é a ausencia de guerra. Pero a Paz é moito máis que iso. Vexamos primeiro? Que di o dicionario? **Paz:** *“Estado de tranquilidade e acougo non turbado por molestias, traballos, etc./ Tranquilidade pública e especialmente, nas familias, acougo e boa correspondencia duns cos outros, en contraposición ás disensións, rifas ou preitos / Estado de nación que non está en guerra con ningunha outra. Convenio para dar fin ás hostilidades entre dúas ou máis nacións: “asinar a paz”*. **Conflito:** *“1. Movemento máis violento dun combate. 2. Choque, ou situación permanente de oposición, desacordo ou loita entre persoas ou cousas. 3. situación en que non se pode facer o que é necesario ou en que non se sabe que facer.”*

A Paz necesita doutros conceptos transversais para entenderse na súa totalidade,

necesita da tolerancia, da xustiza, da igualdade, da solidariedade, e tamén da responsabilidade dos gobernantes, quen teñen o destino dos pobos nas súas mans, para tomar decisións acertadas que fan o ben común. A Paz nùtrese das boas intencións, da educación, da comunicación, do compromiso, do respecto. "A Paz significa xustiza social, igualdade, benestar, relacións xustas, cooperación, tranquilidade interior" É un concepto que nos leva a florecer, a afrontar e resolver conflitos dun xeito non violento. A finalidade consiste en conseguir unha harmonía da persoa en si mesma, cos demais e coa natureza.

Debemos entender dous conceptos o de paz positiva e o de paz negativa.

Paz positiva: A paz auténtica, aquela á que hai que tender, oponse non só á guerra senón tamén a toda discriminación, violencia ou opresión que impida un desenvolvemento digno das persoas. A súa consecución hai que intentala en todas as ordes da vida: na realidade social e no espazo educativo.

Paz negativa: o concepto de paz que segue vixente na actualidade, é o concepto tradicional occidental de non-agresión; non conflitos.

CARACTERÍSTICAS DA PAZ NEGATIVA

A paz é esencialmente un concepto negativo, ao ser definido como ausencia de conflito bélico ou como estado de non-guerra. Por iso é un concepto moi limitado, que se definiu cada vez máis en función do fenómeno da guerra e do feito bélico, ata o extremo de que, fóra do seu contraste coa guerra, a paz carece de contido palpable. A paz concíbese en función de dous fenómenos:

- ✓O mantemento da unidade e a orde interior, posición favorecedora dos intereses dominantes.
- ✓Defensa fronte ao exterior.

En ambas as circunstancias, a capacidade de actuación fronte á paz resérvase ao Estado. Xunto ás características anteriores, tamén podemos citar outra que aparece moi presente na tradición popular cando se fala de paz como harmonía, como serenidade, ausencia de conflitos.